

IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE

PROXECTO EDUCATIVO

documento nº 1



DOCUMENTO Nº 1 DO PEC: CONTEXTO

1. DATOS DO CENTRO

- a. Nome: **IES Plurilingüe Rafael Dieste**
- b. Localización: Ronda de Outeiro, 334. 15011, A Coruña.
- c. Comunicación:
 - i. Teléfono: 881960930
 - ii. Correo electrónico: ies.rafael.dieste@edu.xunta.es
 - iii. Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/iesrafaeldieste/>

2. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO:

- a. **Socio-cultural:** O centro ubícase no distrito V de A Coruña, no vértice onde converxen os barrios de Os Rosais-Labañou, Riazor, con familias principalmente autóctonas, e no Agra do Orzán, no que destacan a presenza de inmigrantes procedentes sobre todo América Latina. Existe igualmente unha poboación estable de etnia xitana. O nivel cultural das familias é diverso e inflúe moito no nivel e as expectativas dos seus fillos.
- b. **Económico:** Esta realidade social e cultural dá lugar a unha situación económica complexa. A maioría da poboación traballa no sector dos servizos ou como autónomos. Existe unha porcentaxe significativa de persoas desempregadas que, nalgúns casos, perciben unha renda mínima (RISGA-IMV) que complementan con traballos fóra do ámbito legal na chamada economía *sumexida*.
- c. **Lingüístico:** Está configurado por:
 - i. Unha poboación maioritaria que usa o **castelán** como idioma habitual e que tamén posúe competencia, cando menos verbal, para expresarse en lingua galega.
 - ii. Unha minoría da poboación usa o **galego** como lingua vehicular e que posúe unha competencia similar en castelá.
 - iii. Arredor dun 20% de alumnado **procedente doutros países** que se enfrontan ao reto de comunicarse nunha das linguas citadas aínda que, entre os seus, seguen a expresarse no seu idioma de orixe: portugués, rumano, ruso, árabe...

3. TIPOS DE FAMILIAS

Aínda que existe un número significativo de familias extensas nas que conviven tres xeracións distintas, a maioría de familias responden ás seguintes características:

- a. **Familias nucleares** nas que un matrimonio convive cos seus fillos, entre un e dous no caso das familias autóctonas e entre dous e tres entre as familias inmigrantes.
- b. Un número cada vez maior de **familias monoparentais** como consecuencia tanto dunha decisión persoal como froito da evolución social dos últimos anos.
- c. **Familias de etnia xitana** (4%) que presentan características especiais froito das súas tradicións e da súa cultura.

4. ALUMNADO:

O centro conta con alumnado de orixe diversa: 17% de América Latina, 5% de Europa, África e Asia, e 4% de etnia xitana. O número de alumnos aumentou ano tras ano ata o 2018, principalmente pola chegada de inmigración. Desde o curso 2018-2019 conta con un rango de 550-600 alumnos e alumnas.

O tipo de poboación dá lugar a un alumnado heteroxéneo no que convive pacificamente con independencia da súa orixe racial ou étnica. Aínda así existen problemas de **disrupción** nas aulas nos dous primeiros cursos da ESO, así coma casos puntuais de condutas que poderían constituír **acoso** que esixen medidas de **sensibilización e prevención** así como a potenciación dunha cultura de **xestión pacífica dos conflitos**. Destaca tamén a presenza de alumnado con discapacidade física, sensorial e intelectual, ao tratarse dun centro de referencia para este alumnado.

A diversidade do alumnado existente esixe:

- a. Poñer en marcha unha serie de medidas de **atención á diversidade**: agrupamentos flexibles, medidas de reforzo, apoio, grupos de adquisición de linguas e de adaptación da competencia, programas de diversificación curricular etc.
- b. Tomar medidas para a **mellora do clima escolar e da convivencia**: mediación e conciliación, prevención, titorías individualizadas, traballo de habilidades sociais, etc.

- c. Afondar na **relación coas familias** para conseguir compromisos delas en relación coa convivencia, coa formación e co rendemento do alumnado.

5. RELACIÓN CON OUTRAS INSTITUCIÓNS:

O centro ten unha relación de colaboración coas seguintes organismos e institucións:

- a. **Coa Consellería de Educación e O.U.:** convenio de emprego do pavillón Agra II.
- b. **Co Concello de A Coruña:**
- Servizos de asuntos sociais dos centros cívicos das zonas de influencia, no tocante ao alumnado de familias en risco de exclusión social, con dificultades económicas, de recente incorporación ao noso sistema educativo, e alumnado absentista.
 - Programas divulgativos da Concellería de Educación en colaboración con asociacións, que resultan no desenvolvemento de charlas e obradoiros sobre adiccións, emprego das tecnoloxías da comunicación e as redes sociais, educación viaria, violencia de xénero e outros temas vinculados coa educación en valores.
 - Policía-titor, como elemento de mellora e control da convivencia e do absentismo.
 - Instalacións deportivas: puntualmente hai acordos de uso no horario lectivo do campo de fútbol de Visma e do pavillón universitario da Normal.
 - Museos coruñeses (Domus, Casa das Ciencias, Aquarium...)
- c. **Cos catro colexios de Educación Primaria** que están adscritos ao centro: CEIP de Prácticas, CEIP San Pedro de Visma, CEIP Rosalía de Castro e CPR Cid. Existe unha colaboración que coordinan os departamentos de orientación dos diversos centros.
- d. **Con outras entidades:** Garda Civil, ONG, fundacións, asociacións (Secretariado Xitano, ONCE, ACLAD, Agalure, Protección Civil, Diaconía, Agrupación Ío, etc.).

6. VALORES E PRINCIPIOS PRIORITARIOS:

O centro aposta por potenciar algúns dos valores e principios recollidos na Constitución Española e na Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación, que consideramos neste contorno social, económico e cultural:

- a. A **tolerancia**,
- b. A **equidade**,
- c. A **solidariedade**, especialmente co alumnado con discapacidade,
- d. A **convivencia** e a xestión pacífica dos conflitos,
- e. O **respeto a diversidade** de diversa índole: identidade sexual, cultural, de orixe, lingüística, física e intelectual, etc.,
- f. A **igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, e a non discriminación**,
- g. O **plurilingüismo**, entendido como un medio para establecer lazos de comunicación e respecto,
- h. O **esfuerzo compartido** de todos os membros da comunidade educativa.

7. OBXECTIVOS PRIORITARIOS

- a. Favorecer a **convivencia** deseñando unha serie de medidas:
 - i. De sensibilización,
 - ii. Preventivas,
 - iii. Organizativas e
 - iv. Curriculares.
- b. **Dar resposta á diversidade** existente establecendo todas as medidas necesarias para atender á toda a poboación escolar facendo especial fincapé no alumnado con discapacidade, nas familias sen recursos, na poboación inmigrante e na de etnia xitana.
- c. Incluir no **desenvolvemento curricular**:
 - i. **Medidas específicas para facilitar o coñecemento das distintas culturas**, xerar a empatía necesaria con esas culturas e cos membros das mesmas e **potenciar a tolerancia** coas diferenzas.
 - ii. Un plan de **potenciación das linguas estranxeiras**: manter o plan plurilingüe con materias impartidas en inglés e fomentar

o interese pola aprendizaxe das linguas mediante a organización de intercambios con centros de países comunitarios.

8. MEDIDAS PRIORITARIAS:

- a. Deseño de medidas de **sensibilización, preventivas, organizativas e curriculares** para favorecer a **convivencia**: mediación, conciliación, negociación, titorías individualizadas, apadriñamentos, contratos de convivencia, cheques positivos, etc.
- b. Deseño e organización de medidas de **atención á diversidade**:
 - i. Agrupamentos flexibles en linguas e matemáticas en 1º e 2º curso da ESO.
 - ii. Apoio educativo ao alumnado con NEAE.
 - iii. Programas específicos personalizados para alumnado repetidor.
 - iv. Programas de diversificación curricular.
- c. **Creación de titorías específicas**:
 - i. Para alumnado con desfase curricular significativa.
 - ii. Para alumnado con discapacidade intelectual.
 - iii. Para alumnado con descoñecemento das dúas linguas oficiais.
 - iv. Para o alumnado con condutas disruptivas continuadas.

9. CARACTERÍSTICAS SINGULARES

a. Oferta

- i. ESO
- ii. Bacharelato:
 - 1. Ciencia e Tecnoloxía.
 - 2. Humanidades e Ciencias Sociais.

b. Especialización curricular

- i. Centro plurilingüe na ESO: materias impartidas en inglés:
 - 1º ESO: Proxecto competencial.
 - 2º ESO: Educación Física e Música.
 - 3º ESO: Educación Física e Música.
 - 4º ESO: Educación Física e Tecnoloxía.

ii. Atención á diversidade: alumnado con NEAE e alumnado con discapacidade.

c. Servizos

i. Transporte escolar: unicamente unha liña procedente de O Portiño.

ii. Cafetería.

d. Recursos propios

i. Aluguer de armarios ao alumnado.

Presentado ao Claustro o 28 de xuño de 2019

Presentado ao Consello Escolar o 28 de xuño de 2019.

Última modificación aprobada polo claustro o 20 de marzo de 2024 e polo consello escolar o 15 de abril de 2024.